

EXPEDIENTE: 2024/E001/000003 (relacionado co expediente 2024/A008/000020)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 PEÓN/PEOA E 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2024)

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DA OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DE 1 PEÓN/PEOA FORESTAL

Visto o expediente que se tramita para a selección, por oposición de 1 peón/peoa forestal, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 206/2024 de 02/05/2024, ao abeiro da subvención regulada pola Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

Remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia a relación de candidatos/as, relativa á oferta núm. 12-2024-4096 (peóns/peoas forestais), e presentada por estes/as a documentación solicitada na convocatoria, de conformidade coas Bases 5ª e 6ª das que rexen o proceso selectivo. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o día 10/05/2024 procedeuse a revisar as solicitudes de participación.

Comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de peón/peoa forestal, do xeito seguinte:

| DNI/NIE | APELIDOS E NOME | ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A |
|-----------|-----------------------------------|--------------------------|
| ***889*** | Bondad Seoane, Eduardo | ADMITIDO |
| ***842*** | Bustelo Rial, Javier | ADMITIDO |
| ***940*** | Castro Martínez, María Montserrat | ADMITIDA |
| ***350*** | Fragua Mariño, Jorge | ADMITIDO |
| ***921*** | Franco Somoza, José Ramón | ADMITIDO |
| ***040*** | López Fraga, Manuel | ADMITIDO |
| ***558*** | Oliveira Figueroa, Salvador | ADMITIDO |
| ***952*** | Varela Castro, Luis Alberto | ADMITIDO |

Segundo.- Designar ao tribunal cualificador para o proceso selectivo de peón/peoa forestal, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Avelino Citoula Romero, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Juan José Muíños Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Vogais:

Titular: Roberto Grela Castro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Abel García Fabeiro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: Fernando González Ares, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Begoña Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: M^a Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro.

Terceiro.- Convocar ao Tribunal Cualificador do proceso de selección de 1 peón/peoa forestal, para a súa constitución o día 22/05/2024, ás 08:30 horas, no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

Cuarto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para a selección de 1 peón/peoa forestal, ás 09:00 horas do día 22/05/2024, no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

Quinto.- Declarar exentos da realización do segundo exercicio da fase de oposición, consistente na realización da proba de coñecemento de lingua galega, aos aspirantes que teñen acreditado estar en posesión do Celga 1.

As persoas que se relacionan a continuación non acreditaron estar en posesión do Celga 1 e polo tanto, teñen que realizar a proba de galego correspondente ao nivel Celga 1:

| DNI/NIE | APELIDOS E NOME |
|-----------|-----------------------------------|
| ***889*** | Bondad Seoane, Eduardo |
| ***842*** | Bustelo Rial, Javier |
| ***940*** | Castro Martínez, María Montserrat |
| ***040*** | López Fraga, Manuel |
| ***558*** | Oliveira Figueroa, Salvador |

Sexto.- Convocar aos aspirantes citados no punto anterior para a realización da fase da oposición correspondente a proba de coñecemento da lingua galega (Celga 1) ás 10:00 h do 22/05/2024 no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

Sétimo.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Oitavo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria-interventora, que da fe